

**CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO EQUIPAMENTO PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS PROXECTOS DE I+D+I DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE. EXPEDIENTE SUB.-2016/02**

**PROCEDEMENTO ABERTO TRÁMITE ORDINARIO  
CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA**

**FOLLA DE ESPECIFICACIÓNS**

**A. OBXECTO DO CONTRATO**

O obxecto da presente contratación é a celebración dunha licitación, para a subministración de distinto equipamento de laboratorio, para a realización de varios proxectos de I+D+I, para a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE.

Esta contratación está integrada polos lotes seguintes:

Lote	Tipo de equipamiento	Código CPV	Código CPA
1	EQUIPO DETERMINACIÓN PROTEÍNA	38000000-5 Equipo de laboratorio, óptico e de precisión (excepto gafas)	26.51.53 Instrumentos e aparatos para o análise físico ou químico n.c.o.p.
2	EQUIPO DE CROMATOGRAFÍA GASEOSA ACOPLADO A UN ESPECTRÓMETRO DE MASAS DE TIPO SIMPLE CUADRUPOLO (GC/MS)	38000000-5 Equipo de laboratorio, óptico e de precisión (excepto gafas)	26.51.53 Instrumentos e aparatos para o análise físico ou químico n.c.o.p.
3	EQUIPO DE SECADO POR ASPERSIÓN (SPRAY-DRYER) A ESCALA DE LABORATORIO	38000000-5 Equipo de laboratorio, óptico e de precisión (excepto gafas)	26.51.53 Instrumentos e aparatos para el análise físico ou químico n.c.o.p.

**B. RÉXIME XURÍDICO**

Segundo punto 2 do prego de condicións.

**C-. IDENTIFICACIÓN DO ÓRGANO DE CONTRATACIÓN E PERFIL DE CONTRATANTE**

A representación da Fundación en materia contractual corresponde ao Padroado da mesma.

O órgano de contratación será o encargado de adxudicar o presente contrato en conformidade coas súas facultades estatutarias.

O órgano de contratación delega no Director Xerente da Fundación a facultade de adxudicar o correspondente contrato segundo os poderes xerais outorgados mediante escritura pública do 3 de xullo do 2009, polo que ostenta as facultades de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca a execución,

modificar e acordar a súa resolución con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Forma de acceso ao perfil do contratante: <http://www.ceteca.net/comunicacion/>

#### D-. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

Forma de Adxudicación: PROCEDEMENTO ABERTO.

Tipo de Contrato: SUBMINISTRACIÓN

Tipo de tramitación: ORDINARIA. DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA

#### E- CONDICIÓNS DE APTITUDE ESIXIBLES PARA CONTRATAR

A capacidade de contratar acreditarase de acordo o establecido no artigo 72 do T.R.L.C.S.P.

En ningún caso poderán contratar coa FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, as persoas que estén incursas en algún dos supostos de prohibición sinalados no 60 e seguintes do T.R.L.C.S.P.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 58 do T.R.L.C.S.P.

As empresas non españolas e non comunitarias estarán ao disposto no artigo 55 do T.R.L.C.S.P.

As unións de empresarios poderán contratar coa FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE. segundo o establecido no artigo 59 do T.R.L.C.S.P.

#### F. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

De acordo co disposto nos artigos 9.3.a) e 87.1 e 2 do TRLCSP, o sistema de determinación do prezo, respecto de todos os lotes, é o seguinte: **prezos unitarios** referidos ás unidades que deben ser obxecto de entrega, atendido o prezo xeral do mercado, con independencia do importe do IVE aplicable. Isto, segundo consta no prego de prescricións técnicas.

#### G. ORZAMENTO DE LICITACIÓN

O orzamento de licitación correspondente a cada un dos lotes licitados é o que se sinala a continuación, ao que se lle engade o importe correspondente ao IVE (21% ), o que supón o orzamento total do expediente de gasto que para cada un deles se reflicte.

LOTES	LOTE Nº 1: EQUIPO DETERMINACIÓN PROTEÍNA	LOTE Nº 2:	LOTE Nº 3:	TOTAL DE TODOS OS LOTES IVE INCLUÍDO
		EQUIPO DE CROMATOGRAFÍA GASEOSA ACOPLADO A UN ESPECTRÓMETRO DE MASAS DE TIPO SIMPLE CUADRUPOLO (GC/MS)	EQUIPO DE SECADO POR ASPERSIÓN (SPRAY-DRYER) A ESCALA DE LABORATORIO	
ORZAMENTO LICITACIÓN	50.000 €	105.000 €	26.000 €	
IVE 21%	10.500 €	22.050 €	5.460 €	
ORZAMENTO TOTAL POR LOTE	60.500 €	127.050 €	31.460 €	219.010

O valor estimado é a suma dos presupostos de licitación de cada lote (sen IVE).

#### H.- ESIXENCIA DE CLASIFICACIÓN

Non se require.

#### I. CRÉDITO ORZAMENTARIO.

O contrato será financiado con cargo aos orzamentos da Fundación correspondentes a 2016, nos que existe crédito adecuado e suficiente. Grupo Contable: 213.0: Inversións.

A subministración financiarase con cargo ao presuposto da partida de material funxible do Convenio de Colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne para o desenvolvemento de proxectos de I+D+I no ámbito do sector cárnico de acordo coa colaboración prestada pola Axencia Galega de Innovación e polo Ministerio de Economía y Competitividad no marco da Estratexia Española de Innovación.

#### J. DOCUMENTOS QUE REVISTEN CARÁCTER CONTRACTUAL

Sen prexuízo das obrigas adicionais asumidas polo licitador ao formular a súa proposición, revestirán carácter contractual os seguintes documentos e na seguinte prelación en caso de contradición:

- 1º. O prego de condicións e a súa folla de especificacións.
- 2º. O prego de prescricións técnicas (PPT)
- 3º. O documento de formalización do contrato

## K. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe a súa constitución, de conformidade co previsto no artigo 103 TRLCSP.

## L. GARANTÍA DEFINITIVA

De conformidade co establecido no artigo 95, puntos 1 e 3 do TRLCSP, o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa respecto de cada lote, deberá constituir unha garantía definitiva do 5% do orzamento de adxudicación.

## M.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As proposicións presentaranse na seguinte dirección:

FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE  
AVD. DE GALICIA Nº 4 PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA  
32900-SAN CIBRAO DAS VIÑAS OURENSE  
Tlf: 988 548 277 Fax 988 548 276

No prazo de QUINCE (15) días naturais dende a publicación no DOG, e no perfil do contratante da fundación e na plataforma de contratos de Galicia. Non serán admitidas as ofertas presentadas fora de prazo ou en distinto lugar que o arriba indicado, quedando excluídas do procedemento. Se o último día para a presentación coincidira a sábado ou día inhábil, na localidade establecida na dirección facilitada, o prazo de presentación prorrogarase ó primeiro día hábil seguinte.

Poderase presentar a documentación por correo segundo se explica no apartado "12" do prego de condicións.

## N. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA

Nos casos nos que, conforme ao artigo 65 do TRLCSP, non se requira clasificación, os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira polos medios precisados nos parágrafos seguintes.

A solvencia económica e financeira, respecto do lote ou de cada un dos lotes aos que se presenten, xustificarse mediante a acreditación dun volume anual de negocios do licitador ou candidato, que referido ao ano de maior volume de negocio dos tres concluídos deberá ser polo menos, unha vez e media o valor estimado de cada lote ou de cada un dos lotes aos que se presente ( orzamento de licitación + 20% modificación) tal e como marca o artigo 11 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e en contas oficiais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas, compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia, ou cotexadas polo persoal da Administración da Fundación, conforme a lexislación vixente na materia,

excepto o documento acreditativo da garantía provisoria, no seu caso, que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo, os licitadores presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

## Ñ. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL

A acreditación da solvencia técnica deberá xustificarse mediante unha relación das principais contratacións de subministro de tipoloxía semellante á que é o obxecto deste PROCEDIMENTO, en relación co lote ou con cada un dos lotes aos que se presente, efectuadas durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, data, e destino público ou privado, á que se incorporarán os correspondentes CERTIFICADOS sobre estas.

As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

Reputarase solvente ao licitador que declare ter executado en conxunto de subministracións semellantes, aos do lote ou de cada un dos lotes aos que se presente, que representen un volume de negocio igual ou superior ao 70% do valor estimado de cada lote ou de cada un dos lotes aos que se presente ( orzamento de licitación + 20% modificación ) ao tempo que incorpore o correspondente certificado sobre o mesmo, de conformidade co artigo 11 do Regramento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Acordo con isto, e en relación coa solvencia técnica e profesional o licitador deberá cubrir o seguinte cadro que se incluírá no Sobre A “documentación xeral”.

### RELACIÓN DE SUBMINISTROS SEMELLANTES NOS ÚLTIMOS CINCO ANOS

<u>Denominación e obxecto concreto</u>	<u>Importe</u>	<u>Data de finalización da execución (día/mes/ano)</u>	<u>Destinatario</u>
--	----------------	--	---------------------

O citado período de cinco anos abranguerá:

- Respecto do ano 2011 dende o día equivalente ao de finalización do prazo de presentación de proposicións e ata o 31/11.
- Os anos 2012, 2013, 2014, 2015 completos.
- E o período transcorrido do ano 2016 ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións.

Para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato dispón, efectivamente, deses medios durante o tempo que sexa necesario para executar o contrato.



A disposición de medios aportados a través doutra entidade demostrarase mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso, emitido pola entidade colaboradora, e que en caso de resultar adxudicatario do contrato, o licitador se compromete a executar o mesmo e cos mesmos medios que aportara para acreditar a súa solvencia.

Para os efectos da valoración da súa relación ou no correspondente á presente contratación, deberán estar correctamente identificados os respectivos obxectos dos traballos referidos.

A documentación acreditativa da solvencia técnica ou profesional deberá vir debidamente asinada polo representante da empresa. No caso de xustificar mediante certificacións, estas presentaranse en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada ou cotexada.

## O. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS E DETERMINACIÓN DA OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA.

Os criterios de adxudicación serán os seguintes:

Unicamente os relativos a aspectos CUANTITATIVOS (cuantificables mediante a aplicación de fórmulas) e que deberán incluírse exclusivamente no sobre B.

### OS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EVALUABLES DE FORMA AUTOMÁTICA..... máximo 100 puntos

#### 1. Oferta Económica:..... Ata 70 puntos

En aplicación do previsto no artigo 152 do TRLCSP, consideraranse proposicións económicas (importe total ofertado, sen IVE) con valores anormais ou desproporcionados aquelas cuxo porcentaxe de baixa exceda en 10 unidades, cando menos, á media aritmética das ofertas presentadas. En tales supostos, daráselle/s audiencia (por 3 días hábiles) a/ós licitador/es que a/s presentaran, para que xustifique/n a valoración da oferta e precise/n las condiciones dela, co fin da estimación polo órgano de contratación sobre a posibilidade de cumprimento, segundo o procedemento establecido no citado artigo. Realizadas as anteriores actuacións, cando proceda, realizarase o outorgamento de puntuacións respecto de todas as ofertas, excepto aquelas que, se é o caso, foran excluídas.

A fórmula aplicable será a seguinte:

$$P_i = P_m \times \frac{L - O_i}{L - K}$$

$P_i$  = puntuación obtida

$P_m$  = puntuación máxima de este criterio

$L$  = prezo da oferta equivalente ó presuposto de licitación (sen IVE), que obtén unha puntuación de cero puntos.

$O_i$  = prezo da oferta obxecto de valoración, á que lle correspondería unha puntuación  $P_i$ .

$K$  = prezo óptimo que obterá a puntuación do criterio.

Considérase prezo óptimo aquel que resulte de aplicar á media aritmética das ofertas admitidas a licitación, unha baixada en 10 unidades porcentuais do orzamento de licitación (sen IVE), excepto no suposto de que fora admitida a licitación algunha/s oferta/s con valores anormais ou desproporcionados, co que esta oferta será o prezo óptimo e obterá a máxima puntuación. No caso de que estean varias neste caso, o prezo óptimo virá determinado pola do importe máis baixo.

**2. Garantía e mantementos adicionais. Mellora en el prazo mínimo esixido (2 anos) de garantía e mantemento preventivo, correctivo e actualización de software:..... Ata 20 puntos**

Por 2 anos de garantía.....	0 puntos
Por 3 anos de garantía.....	6 puntos
Por 4 anos de garantía.....	13 puntos
Por 5 anos de garantía.....	20 puntos

**3. Prazo de entrega.....Ata 5 puntos**

40 días naturais.....	0 puntos
35 días naturais.....	1 puntos
30 días naturais.....	2 puntos
25 días naturais.....	3 puntos
20 días naturais.....	4 puntos
15 días naturais.....	5 puntos

**4. Mellora no tempo de asistencia para as reparacións e substitución de pezas:.....Ata 5 puntos**

48 horas.....	0 puntos
De 36 a 48 horas.....	1 puntos
De 24 a 36 horas.....	2 puntos
De 12 a 24 horas.....	3 puntos
De 8 a 12 horas.....	4 puntos
De 0 a 8 horas.....	5 puntos

Respecto de **cada un dos lotes**, de existir **empate na valoración** entre dous ou máis licitadores, aplicaranse as seguintes fórmulas de desempate e pola orde de prelación que se indica a continuación:

1º) No caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%. No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas, terá preferencia o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal. Isto, segundo o reflectido no Acordo do Consello da Xunta do 8/04/2010 e D. A. 4ª do TRLCSP.

2º) Se tras a aplicación do exposto no parágrafo anterior persistise o empate, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e artigo 28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, terá preferencia aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención).

3º) No suposto de que unha vez aplicados os criterios anteriores existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación, a identificación da oferta máis vantaxosa efectuarase do seguinte xeito: atenderase á puntuación acadada de acordo co criterio 1 (oferta económica) sinalado no recadro anterior, resolvéndose a favor daquela que obtivera respecto da máis alta.

#### **P.- EVALUACIÓN DAS OFERTAS CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR**

NO SI 

#### **Q. FORMA DE PAGAMENTO**

O pago do prezo do contrato realizarase en forma de pago único, en firme, contra a presentación da factura correspondente, e unha vez recibido a subministración de conformidade.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no RD 1496/2003 que aproba o regulamento sobre as obrigas de facturación, e transcorrido un ano dende a implantación do sistema, ao amparo do previsto nos artigos 27.6 da Lei 11/2007 de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e 24.2 do Decreto 198/2010 que regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes, as facturas emitidas presentaranse obrigatoriamente en formato electrónico a través do Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF) regulado na Orde do 12 de febreiro do 2010 (DOG nº 31, 16/02/2010). O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre o mesmo realizarase a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

A factura deberá constar a nome da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e CIF G32273427 Unidade de contratación Administración e enderezo Avda. de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia 32900 San Cibrao das Viñas Ourense.

Datos da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas:

- Órgano de contratación: Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
- Unidade de contratación: Administración.
- Código interno SEF:1032.
- Códigos DIR3:
  - Oficina contable: GE0002377.
  - Órgano xestor: GE0002377.
  - Unidade tramitadora: GE0002377.

#### **R. ENTREGA E RECEPCIÓN**

**Entrega:** O material, respecto de **cada un dos lotes**, deberá ser entregado na seguinte dependencia da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE:



Unidade	Enderezo	Código postal	Localidade
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	Avda. de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia	32900	San Cibrao das Viñas

As citadas dependencias poderán variar, se ó caso, por cambios estruturais ou organizativos da FUNDACIÓN suposto que lle será comunicado ao adxudicatario.

**Recepción:** Respecto de **cada un dos lotes**, a recepción esixirá por parte de FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE (en concreto, do responsable da unidade receptora) un acto formal e positivo de conformidade **dentro do mes seguinte** de terse producido as respectivas entregas efectuadas con base no contrato/s que se asinen ao abeiro dos respectivos acordos marco.

### S. PRAZO DE GARANTÍA

Respecto de **cada un dos lotes** será de **2 (dous) anos** contados a partir do día seguinte ao das datas de recepción de conformidade das respectivas entregas derivadas do contrato/s que se asinen ao abeiro dos correspondentes acordos marco.

### T. REVISIÓN DE PREZOS

Non procede.

### U. VARIANTES E MELLORAS

Non se admiten variantes, mais si as melloras especificadas no apartado “O” desta portada.

### V. PUBLICIDADE

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato . Estes custos serán por conta dos licitadores que presentaren a oferta máis vantaxosa de cada lote, que deberán abonar (ata un máximo de 3.000€), do custo total da publicación, a parte que lles corresponda en función da proporción que respecto da suma do orzamento total de todos os lotes (polo tanto, IVE incluído) garda o orzamento total do lote correspondente.

### W.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non procede

## X.- INCUMPRIMENTOS E PENALIDADES

Por incumprimento dos prazos de entrega.

Cando o adxudicatario, por causas imputables ao mesmo, incorra en demora respecto ao cumprimento dos prazos de entrega desta contratación, FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, poderá optar pola resolución do contrato, conforme ao establecido no artigo 213 do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP), ou pola imposición dunha **penalidade diaria do 0,5% do prezo de adxudicación do contrato derivado do acordo marco**, conforme ao establecido no artigo 212.4 do devandito Real Decreto.

Respecto de **cada un dos lotes**, calquera incumprimento do contrato seralle comunicado ao adxudicatario a través do órgano de contratación (ou órgano en que este delegue), mediante un acta de incidencia cuxo “*recibín*” será asinado polo dito adxudicatario.

As penalidades imporanse por acordo motivado do Órgano de Contratación, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban aboarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíra, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións. A correspondente penalidade farase efectiva mediante desconto na base impoñible da factura correspondente ao mes no que se notificou a resolución.

## Y. RESPONSABLE DO CONTRATO.

De conformidade co previsto nos artigos 52 do TRLCSP e 30 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, para o exercicio das funcións que neles se determinan, a designación como responsable do contrato recae no Responsable de Administración da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE

## Z. PERFIL DO CONTRATANTE.

### PERFIL DO CONTRATANTE

Forma de acceso ao perfil do contratante: <http://www.ceteca.net/comunicacion/>

## CONSULTAS RELACIONADAS CO EXPEDIENTE

### 1) Consultas sobre o prego de prescricións técnicas (PPT)

Departamento Administración:

Teléfono: 988 548 277

Fax: 988 548 276

e-mail: [info@ceteca.net](mailto:info@ceteca.net)

**2) Consultas sobre o prego de condicións**

Departamento Administración:

Teléfonos: 988 548 277

Fax: 981 548 276

e-mail: [info@ceteca.net](mailto:info@ceteca.net)

De conformidade co establecido no artigo 115 do TRLCSP, o órgano de contratación acorda aprobar a folla de especificacións.

San Cibrao das Viñas, 6 de setembro de 2016

Elaborado,

Revisado e conforme

O Xefe de Administración



Asdo. Emilio González Cacheiro

O Director Xerente



Asdo.: Miguel Fernández Rodríguez



**PREGO DE CONDICIÓN**

**CONTRATAÇÃO DA SUBMINISTRACIÓN DE DIVERSO EQUIPAMENTO DE LABORATORIO PARA A REALIZACIÓN DE VARIOS PROXECTOS DE I+D+I DA FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE. EXPEDIENTE SUB.-2016/01**

PROCEDEMENTO ABERTO TRÁMITE ORDINARIO  
CONTRATAÇÃO DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA



## Índice.

1.	Definición obxecto do contrato.....	3
2.	Réxime xurídico .....	3
3.	Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante.....	4
4.	Procedemento e forma de adxudicación.....	4
5.	Condições de aptitude esixibles para contratar. ....	4
6.	Sistema de determinación de prezo.....	5
7.	Orzamento.....	5
8.	Esixencia de clasificación. ....	5
9.	Crédito orzamentario.....	5
10.	Garantía provisional.....	6
11.	Garantía definitiva.....	6
12.	Lugar e prazo das proposicións.....	7
13.	Variantes .....	7
14.	Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.....	7
15.	Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional.....	8
16.	Formalización das proposicións.....	8
17.	Mesa de Contratación.....	12
18.	Criterios de adxudicación. ....	13
19.	Notificación e publicación da adxudicación definitiva. ....	18
20.	Execución do contrato.....	18
21.	Prazo de garantía .....	19
22.	Penalidades por demora ou incumprimentos .....	20
23.	Forma de pago .....	20
24.	Gastos esixibles ao adxudicatario. ....	20
25.	Cesión do contrato .....	21
26.	Subcontratación.....	21
27.	Resolución do contrato .....	21
28.	Modificación do contrato. ....	21
29.	Revisión de prezos .....	23
30.	Xurisdición competente .....	23

ANEXOS I, II, III, IV

## 1. Definición obxecto do contrato.

O obxecto do contrato é o subministro de material para a realización de varios proxectos de I+D+I da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, segundo as características definidas no prego de prescricións técnicas e **no apartado “A”** da folla de especificacións.

## 2. Réxime xurídico

O contrato celebrado terá a consideración de contrato privado.

A presente contratación, en canto a súa adxudicación, rexeráse polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o Órgano de Contratación, os licitadores e, no seu momento, as empresas adxudicatarias, polo prego de prescricións técnicas que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, pola Instrucción reguladora dos procedementos para a contratación da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE publicada na web da fundación (<http://www.ceteca.net/comunicacion>), e no seu defecto o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado no Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro en adiante T.R.L.C.S.P e as súas disposicións de desenvolvemento, e a lexislación europea que sexa de aplicación á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, aplicándose supletoriamente as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse polo dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativo será a competente para resolver as cuestións relativas á preparación e adxudicacións dos contratos suxeitos a regulación harmonizada. Pola súa banda, a orde xurisdiccional civil será a competente para resolver as cuestións que se susciten en relación ós efectos, cumprimento e extinción dos contratos privados.

No caso de contratos suxeitos a regulación harmonizada poderán ser obxecto do recurso especial en materia de contratación regulado no artigo 37 do T.R.L.C.S.P, con anterioridade a interposición do recurso contencioso-administrativo, os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación, os acordos de adxudicación adoptados polos poderes adxudicadores e os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. Considéranse actos de trámite que determinan a imposibilidade de continuar o procedemento os actos da Mesa de Contratación polos que se acorda a exclusión de licitadores.

Este recurso especial terá carácter potestativo. Así mesmo , poderán solicitarse as medidas provisionais segundo o establecido no artigo 43, do T.R.L.C.S.P.

A este respecto , a Comunidade Autónoma de Galicia asinou un Convenio coa Administración Xeral do Estado (publicado no BOE do 25/11/2013, en vigor dende esa data) polo que, de acordo co artigo 41.3 do TRLCSP, será competente para a resolución deste recurso o Tribunal Central de Recursos Contractuais (en adiante TACRC), situado na Avda. General Perón, 38; 28020 Madrid (<http://tribunalcontratos.gob.es>).

A empresa acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados. Os contratos que resulten do procedemento de adxudicación axustaranse ao contido dos pregos, formando estes parte integrante deles.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, normas ou pregos de toda índole formulados pola FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE que poidan ter aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

### **3. Identificación do órgano de contratación e perfil de contratante.**

A representación da Fundación en materia contractual corresponde ao Padroado da mesma.

O órgano de contratación será o encargado de adxudicar o presente contrato en conformidade coas súas facultades estatutarias.

O órgano de contratación delega no Director Xerente da Fundación a facultade de adxudicar o correspondente contrato segundo os poderes xerais outorgados mediante escritura pública do 3 de xullo do 2009, polo que ostenta as facultades de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca a execución, modificar e acordar a súa resolución con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

Forma de acceso ao perfil do contratante: <http://www.ceteca.net/comunicacion/>

### **4. Procedemento e forma de adxudicación.**

A seguinte contratación realizarase segundo o exposto nos artigos 138 e 157 a 161 do TRLCSP por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, e por tramitación ordinaria; e tendo en conta o exposto pola Instrución Reguladora dos Procedementos para a contratación internos da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, acorde coa legalidade vixente.

### **5. Condicións de aptitude esixibles para contratar.**

Só poderán contratar coa FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade para obrar, non estean incursas na prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co esixido neste prego, e que a súa actividade teña relación directa co obxecto do contrato segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, acreditándose debidamente, e dispoñendo dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

En ningún caso poderán contratar coa FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE as persoas que estean incursas nalgún dos supostos de prohibición no artigo 60 do T.R.L.C.S.P.

Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea estarase ao disposto no artigo 58 do T.R.L.C.S.P.

En canto as empresas non españolas e non comunitarias esterase ao disposto no artigo 55 do T.R.L.C.S.P.

Poderán contratar con FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectúe a adjudicación do contrato ao seu favor. As unións de empresarios estarán ao disposto no artigo 59 do T.R.L.C.S.P.

Consonte prescribe o artigo 59 do T.R.L.C.S.P, para que durante a fase previa á adjudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles, e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en Unión Temporal de Empresas, no caso de resultar adjudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE.

## 6. Sistema de determinación de prezo.

Por prezos unitarios

## 7. Orzamento

O orzamento base de licitación será establecido no **apartado “G”** da folla de especificacións.

A tódolos efectos entenderase que as ofertas presentadas polos licitadores comprenden non só o prezo do contrato, senón tamén cantos recargos e impostos sexan legalmente repercutibles e demais gastos que fosen de aplicación. Sen embargo, e segundo o artigo 87 do T.R.L.C.S.P., indicarse como partida independente o importe do Imposto sobre o valor engadido, IVE, que deba soportar a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE.

O orzamento base de licitación considéranse como prezo máximo de licitación, polo que se desestimarán as ofertas que superen dito orzamento.

Sínálase que o contrato ten carácter global, incluíndo a totalidade do subministro a executar.

As ofertas formuladas de forma incorrecta ou incompleta, orixinarán a exclusión do ofertante.

## 8. Esixencia de clasificación.

Segundo **apartado “H”** da folla de especificacións.

## 9. Crédito orzamentario.

Segundo o especificado no **apartado “I”** da folla de especificacións.

## 10. Garantía provisional.

Para presentar proposicións no procedemento de licitación poderase requirir aos licitadores a constitución dunha garantía provisional. Cando se esixa a constitución de garantía provisional, e así se indique no **apartado “K”** da folla de especificacións, presentárase a documentación de ter constituída a citada garantía.

A garantía provisional responderá do mantemento das ofertas ata a adxudicación do contrato, e para o licitador, que resulte adxudicatario, do cumprimento da obriga de presentar a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, de calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, ou da efectiva disposición dos medios que se houberen comprometido a adscribir á execución do contrato que lle sexan reclamados, e da constitución da garantía definitiva.

A garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do T.R.L.C.S.P., e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao adxudicatario ata que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación. O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución de esta última, en cuxo caso a garantía provisional cancelárase simultaneamente á constitución da definitiva.

O documento referente á garantía provisional presentárase en sobre independente dentro do “Sobre A”.

## 11. Garantía definitiva.

O adxudicatario entregará á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE o documento acreditativo da constitución da garantía definitiva no prazo de (10) dez días hábiles unha vez requirida ó ser seleccionado, equivalente ao 5 % do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido. Conforme o disposto no **apartado “L”** da folla de especificacións.

A garantía definitiva responderá do cumprimento íntegro, polo adxudicatario, das obrigacións asumidas en virtude do propio contrato.

Entenderase que o aval debe presentarse con renuncia ao beneficio de excusión a que se refire o artigo 1.830 do Código Civil, o primeiro requirimento, así como que o seguro debe constituírse con renuncia do asegurador a opoñer ao asegurado as excepcións que puideran corresponderlle contra o tomador.

En todo caso a garantía esixida poderá presentarse en calquera das formas establecidas no artigo 96 do T.R.L.C.S.P., e o regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001).

No caso de incorrer en presunción de temeridade algunha oferta, de acordo coas condicións sinaladas no **apartado “O”** da folla de especificacións, aplicaránse os procedementos indicados no T.R.L.C.S.P. a efectos de que o licitante poda continuar no proceso. En calquera caso, cando a adxudicación se realice en favor do empresario cuxa proposición estivera incurso inicialmente en



presunción de temeridade, esixirase ao mesmo unha garantía definitiva do 10 por 100 do importe do prezo do contrato, de conformidade co disposto polo artigo 95 do T.R.L.C.S.P.

A garantía será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 102 do T.R.L.C.S.P..

## 12. Lugar e prazo das proposicións.

A documentación para participar neste procedemento, deberá presentarse en man dentro do prazo sinalado no **apartado “M”** da folla de especificacións, no Rexistro Xeral da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE sito en Avenida de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia 32900 San Cibrao das Viñas Ourense. O incumprimento do lugar de presentación das proposicións será causa de exclusión do procedemento se as proposicións son recibidas no Rexistro Xeral da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE na dirección anteriormente indicada, posteriormente o prazo de presentación sinalado.

Así mesmo, os sobres poderán ser enviados por correo dentro do prazo de admisión sinalado no **apartado “M”** da folla de especificacións deste prego. Cando a documentación se envíe por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición de envío na oficina de correos ( será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal ) e anunciar a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE a remisión da oferta mediante fax ( **988 548 276** ) ou telegrama no mesmo día. Non será admitida a proposición sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos. Non obstante, transcorridos dez días naturais dende a indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

No cómputo do dito prazo inclúense os sábados, domingos e festivos, e cando o prazo coincida en domingo ou festivo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

Para o caso de que exista diferenza entre o fuso horario do lugar de presentación da proposición e o lugar de recepción, predominará o huso horario do lugar de presentación. As proposicións recibidas no Rexistro Xeral da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE na dirección anteriormente indicada, posterior o prazo de presentación sinalado serán excluídas do procedemento.

## 13. Variantes

Non se admiten variantes pero si melloras segundo o **apartado “O”** da Folla de especificacións.

## 14. Medios de acreditación da solvencia económica e financeira.

Segundo os medios especificados no **apartado “N”** da folla de especificacións.

O empresario poderá basearse nas capacidades doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas. En tal caso, deberá demostrar ante o Órgano de Contratación que, para a execución do contrato, disporá efectivamente dos medios necesarios.

Nas mesmas condicións, as unións de empresarios poderán basearse nas capacidades dos participantes na unión ou nas doutras entidades diferentes.

## 15. Medios de acreditación da solvencia técnica ou profesional

Segundo os medios especificados no apartado “Ñ” da folla de especificacións.

Para acreditar a solvencia necesaria o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que, para a execución do contrato dispón, efectivamente, deses medios durante o tempo que sexa necesario para executar o contrato.

No seu caso, a disposición de medios aportados a través doutra entidade demostrarase mediante a exhibición do correspondente documento de compromiso, emitido pola entidade colaboradora, e que en caso de resultar adxudicatario do contrato, o licitador se compromete a executar o mesmo e cos mesmos medios que aportara para acreditar a súa solvencia.

Nas mesmas condicións, as unións de empresarios poderán basearse nas capacidades dos participantes na unión ou nas doutras entidades diferentes.

## 16. Formalización das proposicións.

A documentación presentarase en **DOUS SOBRES INDEPENDENTES** redactada en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma Galega e tratándose de empresas estranxeiras deberán acompañar a tradución oficial. Os sobres presentarase pechados.

Será preciso que o licitador aporte a documentación que integra a proposición dividida en dúas partes: **SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL** e **SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA**. **A inclusión da proposición económica ou criterios que se deban incluír no sobre B no sobre A determinará a exclusión do licitador.**

No exterior do sobre, en forma ben visible, e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

Segundo corresponda indicarse **SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL** e **SOBRE B: DOCUMENTACIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA - CRITERIOS DE VALORACIÓN AUTOMÁTICA MEDIANTE FÓRMULAS**.

- Título do expediente.
- Referencia completa do expediente e da súa clave.
- Licitador (nome e apelidos ou, se é o caso, denominación social).
- Número de fax.
- Número de teléfono.
- Enderezo.
- Enderezo de correo electrónico.
- Número de inscrición do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Data e sinatura do licitador ou, se é o caso, do representante legal.

No caso de formalización de propostas a máis dun lote presentarase un SOBRE B para cada lote.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente, procurando, así mesmo, que o contido de cada sobre se atope debidamente paxinado.

▪ **SOBRE A**

**Sobre A:** Deberá ter o seguinte título: ***SOBRE A: Documentación Administrativa para tomar parte na contratación do [...] (Expte. ../.....)***. Ademais, os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fóra). O seu contido será o seguinte:

**Cumprimento dos requirimentos previos para contratar coa Administración**, que se poderá acreditar a través dalgún dos seguintes medios:

**1º.- Declaración responsable para a contratación documental simplificada** do candidato indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración (segundo modelo que se achega como Anexo II) e de acordo co artigo 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. En todo caso, e de acordo co establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, engadido pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Esta declaración substitúe ós documentos que se indican na cláusula 18 deste prego, que acreditan a personalidade e a capacidade de obrar do empresario, así como a habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible; a representación do empresario; a solvencia económica ou financeira, a solvencia técnica ou profesional (ou no seu caso, a clasificación); a acreditación de non estar incurso en prohibicións e incompatibilidades para contratar coa administración (en particular de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias, tanto coa facenda do Estado, como coa autonómica, a local e a Seguridade Social) impostas polas disposicións vixentes; a inscrición nun rexistro oficial de licitadores.

**2º.- Documento europeo único de contratación (en adiante DEUC) debidamente cuberto, consistente nunha declaración responsable do licitador**, de acordo co formulario que se ofrece en formato electrónico, que se poderá descargar nos enderezos de internet:

- <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=é>. O formulario, dispoñible en **castelán**, poderá cumprimentarse e imprimirse neste sitio, para o seu envío ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.
- Na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que, no apartado da Xunta consultiva de contratación administrativa, ten a disposición dos licitadores o DEUC en formato .odt para facilitar unha sinxela cumprimentación:

- Versión en galego:

<http://www.conselleridefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

- Versión en castelán:

<http://www.conselleridefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

**Xunto co DEUC, os licitadores deberán xuntar unha declaración responsable específica que figura no Anexo II do PCAP.**

De conformidade co artigo 59 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, e co Regulamento de Execución (UE) 2016/7, da Comisión, do 5 de xaneiro, polo que se establece o formulario normalizado do Documento europeo único de contratación, **o DEUC acéptase en substitución da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar coa Administración**, de acordo así mesmo co artigo 146.4 do TRLCSP, engadido pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, así como no artigo 24 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

Os operadores económicos poden ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento con arranxo á lexislación nacional, no caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información esixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se compren os criterios de selección, ou no caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

**3º.- Documentación acreditativa** do cumprimento dos requirimentos previos para contratar coa Administración, que se relaciona na cláusula 16.1 deste prego.

Si varios empresarios acoden á licitación constituíndo unha **unión temporal**, cada un deles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, indicando os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles, así como o **compromiso de constituírse formalmente en unión temporal de empresas** en caso de resultar adxudicatarios do contrato, e a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato derívense até a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poder mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contía significativa.

Documentación só para os efectos de desempate, sendo opcional a súa presentación para o licitador.

1. Aos efectos de acreditar a relación **laboral con persoas con discapacidade nos termos establecidos na cláusula 9 do presente prego**, as empresas deberán de achegar declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total do persoal.
2. Aos efectos de acreditar a **implantación dun plan de igualdade ou da Marca Galega de Excelencia** en Igualdade, as empresas achegarán declaración responsable.

En caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, desde o punto de vista dos criterios de adxudicación que serven de base para a adxudicación, requiriráselles aos licitadores a acreditación do declarado nos puntos 1 ou 2 deste apartado.

Toda a documentación a presentar polos candidatos haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas por funcionarios da Xunta de Galicia conforme á lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, no seu caso, que haberá de achegarse en orixinal. Así mesmo, os candidatos presentarán a súa documentación en castelán ou galego.

Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopen en algún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar tamén declaración (mesmo Anexo I) na cal se faga constar dita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se atopen incursoas a efectos do disposto no artigo 145.4, parágrafo segundo do TRLCSP e 86 do RXLCAP, ós efectos de aplicación do réxime de apreciación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados.

De acordo co artigo 146.5 do TRLCSP, **o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións, data que debe ter en conta o licitador ós efectos de poder acreditarlos, se resulta adxudicatario.**

#### ▪ **SOBRE B**

Documentación económica e técnica-criterios de valoración automática mediante fórmulas (sobre B), deberase presentar obrigatoriamente en formato papel, e ademais, deberá adxuntarse copia electrónica que se terá que presentar como mínimo nos formatos PDF Portable Document Format, norma ISO 19005-1:2005) y ODF (OASIS Open Document Format, norma ISO/IEC 26300). O medio de almacenamento no que se inclúan os arquivos (CD, DVD o PenDrive USB), contará cunha autoexplicativa estrutura de carpetas no caso de que a oferta estea contida en máis dun arquivo electrónico.

Dita documentación deberá conter:

- 1- O sobre B conterá igualmente a **Proposición Económica** conforme ao modelo que figura como **Anexo II**. Non se aceptarán aquelas ofertas que teñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente o que o Órgano de Contratación estime fundamental para considerar a oferta.
- 2- Xustificación dos prazos de execución nos que o licitador se compromete a realizar a subministro dende que se lle requira para o efecto, con expresión, se é o caso, da organización con elementos persoais e materiais para a execución do subministro.
- 3- Catálogos, descrições, fotografías, mostras e cantos outros datos e documentos permitan avaliar a adecuación do subministro ofertados á satisfacción das necesidades obxecto do contrato de conformidade co Prego de Prescricións técnicas ou das melloras ofertadas de acordo os criterios de valoración (**apartado “O”** da folla de especificacións). A proposta de incremento na achega adicional de produto farase conforme ao modelo que figura como Anexo II-bis.
- 4- Calquera outra información que, por considerala interesante o licitador, poida estar contida nos criterios a valorar polo Órgano de Contratación.
- 5- Neste sobre incluírase, se é o caso, para a aplicación do establecido na cláusula de criterios de valoración de fórmulas de desempate desta folla de especificacións, a relación laboral con persoas con discapacidade acreditarase mediante a achega neste sobre da seguinte documentación:
  - Declaración responsable do número de traballadores fixos discapacitados e porcentaxe que estes representan sobre o total da plantilla.



- Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
- Relación dos traballadores fixos discapacitados acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
- Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

Se é o caso, documentación xustificativa de ter implantado a entidade un plan de igualdade ou de ter obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de conformidade co establecido na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, para os efectos do disposto nos seus artigos 11 e 19, segundo o reflectido nas fórmulas de desempate deste prego de condicións.

Así mesmo, neste sobre incluírase, se é o caso, o modelo de declaración para criterios de desempate (**Anexo III**).

- 6- Os licitadores deberán adxuntar na oferta formulada e en dito sobre B, a documentación xustificativa de que todos os produtos ofertados para cada un dos lotes, se se concorre a máis de un, foron fabricados cumprindo a normativa ISO 9001.

As ofertas que excedan do prezo máximo ou do prazo máximo de entrega fixado polo órgano de contratación así como as que sexan incorrectamente formuladas serán rexeitadas.

## 17. Mesa de Contratación.

A mesa de contratación estará composta por un mínimo de tres persoas designadas polo órgano de contratación.

A mesa estará asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que a informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias e por requirimento da mesa, pero sen dereito a voto.

Poderán pedir, sen embargo, que consten en acta as observacións que consideren preciso formular.

Os membros da mesa poderán delegar, noutros membros da mesma, por escrito e para cada sesión, a súa representación e voto.

Corresponde ao Presidente da mesa de contratación acordar a convocatoria, dirixir as deliberacións e exercer cantas funcións sexan inherentes á súa condición. Dirimirá co seu voto en caso de empate.

Das reunións da mesa de contratación levantarase acta, que será asinada por todos os seus membros.

Os membros da mesa deberán pronunciarse necesariamente sobre a proposta que proceda facer ao Órgano de Contratación, sen posibilidade de abstención na correspondente votación. Os que discrepen do acordo adoptado pola maioría poderán facer constar na acta o seu voto particular ao tempo da sinatura.

Unha vez concluído o prazo sinalado para a presentación de ofertas, a mesa de contratación examinará e cualificará a documentación aportada, podendo conceder aos licitadores, un prazo de emenda non superior a tres días hábiles, exclusivamente para a corrección de erros ou defectos materiais e emendables no tocante á Documentación contida no SOBRE A; con apercibimento de exclusión definitiva do licitador que nese prazo non realice a emenda.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa, no día sinalado no anuncio, procederá a apertura do SOBRE B, en acto público, no lugar e día indicados no anuncio de licitación. Neste acto, os licitadores poderán comprobar que os sobres B se atopan perfectamente pechados e nas mesmas condicións en que foron entregados e informaráselles sobre as empresas admitidas a licitación e as rexeitadas indicando neste caso as causas do seu rexeitamento. Así mesmo, invitarase os licitadores asistentes a que expoñan cantas observacións ou reservas estimen oportunas contra o acto celebrado, as cales deberán formularse por escrito no prazo máximo de dous días hábiles seguintes, dirixíndose ó órgano de contratación. Cando para a valoración das proposicións se teñan en conta criterios distintos o prezo, a mesa de contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos. Igualmente poderá solicitar eses informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

As proposicións serán secretas e habilitaranse os medios que garantan tal carácter.

Unha vez realizados os trámites indicados nos puntos anteriores e valorados os aspectos contidos no sobre B, a mesa de contratación procederá á valoración global das proposicións presentadas, e que non foran declaradas anormais e desproporcionadas conforme ao sinalado no artigo 152 do TRLPC, clasificándolas por orde decrecente e formulando a corresponder proposta de adxudicación a favor da economicamente máis vantaxosa. Os criterios para determinar as ofertas anormais ou desproporcionadas son os sinalados no **apartado “O”** da folla de especificacións.

## 18. Criterios de adxudicación.

Os criterios de adxudicación son os sinalados no **apartado “O”** da folla de especificacións.

O órgano de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais. Para realizar esta clasificación atenderá aos criterios de adxudicación sinalados neste prego, podendo solicitar cantos informes técnicos estime pertinentes.

Respecto de cada un dos lotes, de existir empate na valoración entre dous ou máis licitadores, aplicaranse as fórmulas de desempate e pola orde de prelación que se indica no **apartado “O”** da folla de especificacións.

Así, no caso de igualdade entre dúas ou máis proposicións, dende o punto de vista dos criterios obxectivos que serven de base para a adxudicación, terá preferencia a empresa que conte no seu cadro de persoal cun número de traballadores fixos discapacitados superior ao 2%. No caso de que varias empresas se encontren nas circunstancias expresadas, terá preferencia o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal. Isto, segundo o reflectido no Acordo do Consello da Xunta do 8/04/2010 e D. A. 4ª do TRLCSP.

Se tras a aplicación do exposto no parágrafo anterior persistise o empate, de acordo co establecido nos artigos 11 e 19 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia e artigo

28 do Decreto 33/2009, do 21 de xaneiro, polo que se regula a promoción da igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, terá preferencia aquela empresa que teña implantado un plan de igualdade ou, se é o caso, tivera obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade (neste caso, durante o ano natural seguinte ao da súa obtención).

No suposto de que unha vez aplicados os criterios anteriores existisen dúas ou máis entidades con idéntica puntuación, a identificación da oferta máis vantaxosa efectuarase do seguinte xeito: atenderase á puntuación acadada de acordo coa oferta económica, resolvéndose a favor daquela que obtivera respecto del, a máis alta.

## 18.1 Documentación a esixir antes da adxudicación.

### 18.1.1 Documentos relativos á súa capacidade e solvencia para contratar (substituídos no sobre A polo Documento Europeo Único de Contratación ou a declaración do Anexo I):

De acordo co establecido co artigo 59 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 febreiro de 2014 e co artigo 151.2 do TRLCSP e nos artigos 13 a 16 do RXLCAP, e tendo en conta o artigo 146.4 do TRLCSP, engadido polo Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización, o licitador ou candidato que presentase o oferta economicamente máis vantaxosa, deberá acreditar ante o órgano de contratación, antes da adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos relativos á súa capacidade e solvencia para contratar (substituídos no Sobre A pola declaración do **Anexo I**).

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar seguinte a aquel en que se recibira o requirimento, presente a seguinte documentación:

#### Licitadores non inscritos no rexistro de contratistas.

No sobre figurarán os documentos (ou fotocopias dos mesmos, debidamente legalizadas ou cotexadas nas oficinas da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE) seguintes:

- Documento acreditativo da personalidade e capacidade do contratista, que será o DNI se trata de persoa física, ou, se a empresa é persoa xurídica, copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal, a escritura de constitución ou de modificación da mesma, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial. (Artigo 72 do T.R.L.C.S.P.).
- O licitador poderá presentar a documentación esixida, no caso de que sexa notarial, axustada ós requisitos que establece o Regulamento notarial, polo que se refire a súa legalización e lexitimación. No caso de documentos administrativos poderanse presentar os orixinais ou fotocopias debidamente cotexadas por notario ou nas oficinas da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE por persoal da entidade.
- Os empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar

mediante a inscrición nos Rexistros e presentación das certificacións que se indican no artigo 72 do T.R.L.C.S.P..

- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar con certificación expedida pola Embaixada de España no estado correspondente, facendo constar que están inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no ámbito das actividades obxecto do contrato. Neste suposto, será necesario presentar informe da representación diplomática española sobre a condición de estado asinante do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio ou, en caso contrario, o informe de reciprocidade reflectido no artigo 55 do T.R.L.C.S.P..
- As empresas de estados non pertencentes á Unión Europea para celebrar contratos de obras será necesario, que teñan aberta sucursal en España con designación de apoderados ou representantes para as operacións, e que estean inscritos no Rexistro Mercantil.
- Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate dunha persoa xurídica deberá acompañar un poder declarado bastante pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia e igualmente documento nacional de identidade ou documento que o reemprace, da persoa que asine a proposición.
- Os licitadores deberán xustificar a súa solvencia económica e financeira, técnica ou profesional, utilizando de entre os medios de acreditación previstos nos artigos 74, ao 84 do T.R.L.C.S.P. os que se indiquen **no apartado “N” e “Ñ”** da folla de especificacións. O contratista de ser o caso deberá estar clasificado no grupo, subgrupo e categoría indicados **no apartado “H”** da folla de especificacións.
- As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á xurisdición española, para tódalas incidencias que puideran xurdir do contrato, con renuncia ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitante.

#### Os licitadores inscritos no rexistro de contratistas.

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia deberán face-lo constar así na parte exterior do sobre A, consignando tamén o seu número de inscrición.

Achegarase declaración responsable asinada polo licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, de conformidade co modelo que se achega como **Anexo IV** a este prego.

Ao abeiro do disposto no Decreto 262/2001, do 20 de setembro, polo que se refunde a normativa reguladora do Rexistro xeral de contratistas, se os licitadores se atopan inscritos no rexistro de contratistas, e consta nel que teñen actualizados os certificados de estaren ao corrente no pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, só deberán presentar a documentación que acredite a solvencia económica e financeira, técnica ou profesional.

No suposto de que algún destes certificados non conste actualizado no devandito rexistro, deberase acreditar ante a mesa de contratación, ou de ser o caso, ante o órgano de contratación.

Se un licitador nese prazo de 10 días hábiles non cumpre axeitadamente o requirimento de achegar a documentación recollida nesta cláusula 18.1.1, no caso de que houberse defectos ou omisións emendables na documentación a xuízo da mesa concederase un prazo de tres días hábiles para corrixilos.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

**18.1.2 Outra documentación a presentar:** No prazo de dez (10) días hábiles, seguintes a aquel no que reciba o requirimento, o licitador que presentou a oferta máis vantaxosa deberá presentar a seguinte documentación xustificativa:

- a) Certificación positiva de atoparse ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal.
- b) Certificación positiva de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, expedida pola Consellería de Facenda.
- c) Certificación positiva de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- d) Presentación, orixinal ou copia cotexada, de alta do exercicio corrente ou do último recibo do Imposto de Actividades Económicas, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto, segundo o disposto no artigo 13.1 a) en relación co artigo 15.1, ámbolos dous do RXLCAP.
- e) Xustificante de ter constituída a garantía definitiva que no seu caso sexa precedente.
- f) Xustificante de ter aboados os gastos derivados da publicación do anuncio de licitación nos Diarios oficiais, se é o caso.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento desta documentación no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

## 18.2 Formalización da adxudicación.

Cando para a adxudicación deban terse en conta unha pluralidade de criterios, o prazo máximo para efectuar a adxudicación será de 2 meses a contar dende a apertura das proposicións.

O órgano de contratación deberá adxudicar os lotes integrantes no acordo marco dentro dos 5 días hábiles seguintes a recepción da documentación que se menciona no apartado anterior.

A formalización débese realizar mediante o contido exposto no artigo 71 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que sinala que o documento de formalización dos contratos será subscrito polo órgano de contratación e o contratista. No suposto de que o órgano da Administración actúe no exercicio de competencias actúe no exercicio de competencias delegadas deberá indicar tal circunstancia con referencia expresa a disposición en virtude da cal actúa e do boletín ou diario oficial en que figura publicada.

Así mesmo, o documento de formalización conterá, con carácter xeral para todos os contratos, as seguintes mencións:

- a) Órgano de contratación e adxudicatario do contrato, con referencia a súa competencia e a súa capacidade, respectivamente.
- b) Os seguintes antecedentes administrativos do contrato:



1. Data e importe da aprobación e do compromiso do gasto e data da súa fiscalización previa cando esta sexa preceptiva.
  2. Referencia do acordo polo que se autoriza a celebración do contrato.
  3. Referencia do acordo polo que se adxudica o contrato.
- c) Prezo certo que ten que aboar a Administración cando resulte obrigada a elo, con expresión do réxime de pagos previsto.
  - d) Prazos totais ou parciais de execución do contrato e, no seu caso, o prazo de garantía do mesmo.
  - e) Garantía definitiva e, no seu caso, complementaria constituída polo contratista.
  - f) As cláusulas que sexan consecuencia das variantes validamente propostas polo adxudicatario na súa oferta e que fosen aceptadas pola administración.
  - g) No seu caso, exclusión da revisión de prezos ou fórmula, ou índice oficial de revisión aplicable.
  - h) Réxime de penalidades por demora.
  - i) Conformidade do contratista ós pregos de cláusulas de condicións particulares e de prescricións técnicas, dos que farase constar a oportuna referencia.
  - j) Expresa sumisión da lexislación de contratos das Administracións públicas e o prego de cláusulas de condicións xerais, se o houbera, con especial referencia no seu caso, ás estipulacións contrarias a este último que se inclúan como consecuencia do previsto no artigo 50 da Lei.
  - k) Calquera outra cláusula que a Fundación estime conveniente establecer en cada caso, de conformidade co prego de cláusulas de condicións particulares.

Ademais dos datos que se especifican no apartado 71.3, de acordo ó artigo 71.6 do mesmo corpo normativo, conterá os seguintes:

- a) Definición dos bens obxecto da subministración, con especial indicación do número de unidades a subministrar e no caso de subministración de fabricación especial referencia ó proxecto ou as prescricións técnicas que teñen que ser observadas na fabricación.
- b) Importe máximo limitativo do compromiso económico da Fundación, cando refírase á adquisición de produtos por prezos unitarios ou nos supostos establecidos no artigo 172.1, parágrafo a), da Lei.
- c) Nos contratos de subministración a que se refire o artigo 172.1, parágrafo c), da Lei, conformidade do contratista co proxecto aprobado polo órgano de contratación.
- d) Se os bens tivesen sido entregados anticipadamente á Fundación ou entregáranse no momento da formalización, farase constar así no contrato, indicando data, lugar ou órgano recipiendario.
- e) Nos contratos de subministración de fabricación, o modo de levar a cabo o órgano de contratación de vixilancia do proceso de fabricación.

O documento de formalización será firmado polo adxudicatario e unirase ó mesmo, como anexo, un exemplar do prego de cláusulas de condicións particulares e do prego de prescricións técnicas. O documento de formalización incorporárase ó expediente e cando sexa notarial, unirase unha copia autorizada de ditos pregos.

Non obstante o disposto no apartado 71.6 do citado regulamento, formalizárase ou acreditarase no seu caso, mediante os documentos ordinarios que o tráfico xurídico teña establecidos aqueles contratos de subministración cuxo prezo estea sometido a taxa, tarifas debidamente aprobadas ou tivera sido fixado polos órganos administrativos correspondentes.

## 19. Notificación e publicación da adxudicación definitiva.

De acordo co artigo 151, apartado 4, a adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

En particular expresará os seguintes extremos:

1. En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.
2. Con respecto os licitadores excluídos de procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admite a súa oferta.
3. En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fora seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentar os restantes licitadores cuxas ofertas foran admitidas.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á súa formalización.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, pode efectuarse por correo electrónico a dirección que os licitadores ou candidatos designarán ao presentar as súas proposición, nos termos establecidos no art. 28 da lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitadas a notificacións, cos efectos previstos no art. 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro será de cinco (5) días.

## 20. Execución do contrato

O contratista queda obrigado á subministración nos termos recollidos no prego de condicións e no prego de prescricións técnicas.

O contratista quedará obrigado a facilitar a realización de inspeccións que a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE considere oportuno, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios, de non ser así será causa de resolución de contrato.

O contratista estará obrigado á entrega da subministración no prazo indicado na súa oferta de licitación.

O contrato executarase a risco e ventura do contratista.

O material será entregado, segundo necesidade, na FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, conforme o apartado "R" da folla de especificacións.

Os gastos de entrega e transporte e calquera outros que poderán xurdir serán por conta do adxudicatario.

O adxudicatario non terá dereito á indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, segundo o establecido no parágrafo precedente, agás que esta incorrese en mora ao recibilos.

A entrega, para a súa constatación, esixirá por parte da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE dun acto formal e positivo de recepción ou conformidade, dentro do mes seguinte de producirse.

Se os bens non se atopan en estado de poder ser recibidos, farase constar na acta de recepción e daránselle as instrucións precisas ao adxudicatario para que emende os defectos observados ou para que proceda a unha nova subministración, de conformidade co pactado.

O adxudicatario está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias, dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e debendo indemnizar á FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE por todos os danos e perdas se causen a terceiros derivados da execución do contrato, salvo que fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE.

A fin de asegurar o cumprimento das obrigas derivadas da execución do contrato, a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE poderá exercer a facultade de dirección e inspección, tras a comunicación e identificación ante o contratista polos servizos técnicos propios da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE ou os expresamente concertados para o efecto. A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE ten a facultade de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que se deba entregar como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si a análise, o ensaio e as probas dos materiais que se vaian a empregar, establecer os criterios de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

O adxudicatario **quedar**á obrigado a facilitar a realización das inspeccións que acorde a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios para garantir a súa plena efectividade. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar, de ser o caso, á resolución do contrato.

Cando o adxudicatario, ou persoas del dependentes, incorra en actos ou omisión que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

No caso de que se estableza un prazo de garantía este comezará a contar dende a recepción formal do subministro.

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice, de acordo cos seus termos e a satisfacción da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, a totalidade da prestación.

## 21. Prazo de garantía

O prazo de garantía será o indicado no **apartado “S”** da folla de especificacións, ou de ser maior o ofertado polo contratista.

## 22. Penalidades por demora ou incumprimentos

Se estará a lo previsto en el **apartado “X”** de la hoja de especificaciones.

## 23. Forma de pago

Realizarase segundo o previsto no **apartado “Q”** da folla de especificacións.

A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, só dará a súa conformidade á factura se a subministración foi realizada conforme ás condicións previstas.

Así mesmo a factura deberá referirse a subministración realizados e deberá presentarse obrigatoriamente en formato electrónico a través do Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF) regulado na Orde do 12 de febreiro do 2010 (DOG nº 31, 16/02/2010). O acceso ao sistema de facturación electrónica e á información sobre o mesmo realizarase a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>.

A factura deberá constar a nome da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e CIF G32273427 Unidade de contratación Administración e enderezo Avda. de Galicia nº 4 Parque Tecnolóxico de Galicia 32900 San Cibrao das Viñas Ourense.

Datos da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas:

- Órgano de contratación: Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.
- Unidade de contratación: Administración.
- Código interno SEF:1032.
- Códigos DIR3:
  - Oficina contable: GE0002377.
  - Órgano xestor: GE0002377.
  - Unidade tramitadora: GE0002377.

En caso de disconformidade coa factura presentada a FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE deberá manifestar as causas da mesma nun prazo máximo de dez (10) días hábiles a contar dende o día seguinte da súa recepción.

## 24. Gastos esixibles ao adxudicatario.

O adxudicatario estará obrigado a satisfacer os gastos dos posibles anuncios de licitación e de formalización do contrato. Así mesmo, correrán a cargo do adxudicatario, o que está incluído no orzamento ofertado, os gastos de transporte, instalación e colocación de todos e cada un dos elementos que compoñen a indicada subministración. Igualmente, correrán ao seu cargo os impostos por calquera índole que grave nos diversos conceptos, mesmo o imposto sobre o valor engadido.

## 25. Cesión do contrato

Non se admite a cesión do contrato.

## 26. Subcontratación.

Non se admite subcontratación.

## 27. Resolución do contrato

Serán causas de resolución do contrato:

- a) Por mutuo acordo. Só poderá ter lugar cando non concorra outra causa de resolución que sexa imputable ao contratista, e sempre que razóns de interese público fagan innecesaria ou inconvincente a permanencia do contrato.
- b) En caso de declaración de concurso e mentres non se producira a apertura da fase de liquidación, o Órgano de Contratación potestativamente continuará o contrato se o contratista prestara as garantías suficientes a xuízo de aquela para a súa execución.
- c) O incumprimento das obrigas derivadas do contrato por parte da FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE, orixinará a resolución de aquel só nos casos previstos no T.R.L.C.S.P.

A resolución do contrato terá lugar, ademais, nos restantes supostos sinalados no artigo 223 e 299 da TRLCSP.

## 28. Modificación do contrato.

De acordo coa normativa si dentro da vixencia do acordo marco, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá contemplarse a posibilidade de modificación do orzamento indicado con carácter de máximo.

Os supostos contemplados que poden dar lugar a eventuais modificacións que incrementen o importe inicialmente previsto recóllense no **apartado “W”** da Folla de Especificacións.

Por outra banda, o órgano de contratación reservase a facultade modificar o contrato, de acordo co disposto no artigo 106 do T.R.L.C.S.P, co obxecto de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo e execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de insuficiencia orzamentaria sobrevida e persistente para o financiamento do contrato correspondentes.

Entenderase que a insuficiencia orzamentaria e persistente se se produce durante dous trimestres consecutivos.

A insuficiencia orzamentaria considerarase sobrevida cando:



- Se produza un descenso no volume de negocio da empresa respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación de contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria pola administración autonómica que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

No procedemento que se aplicará para estas modificacións do contrato será preciso dar audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aso intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

- a) Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas:

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 40% do presuposto do contrato.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecto a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aso prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir estes, atendendo a porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

- b) Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato:

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais, debendo ser aprobado polo órgano de contratación o novo programa de traballo resultante. O reaxuste das anualidades será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

